

# Cal é a situación do sistema financeiro?

Eduardo L. Giménez Fernández (\*)

*O autor analiza a situación do sistema financeiro español tras as novas contradicións sobre a mesma. Ademais, apunta a que os bancos están soportando mellor a crise fronte ás caixas de aforros.*

**D**ende que encetou a crise financeira vimos escoitando manifestacións e novas contradicións referidas á situación do sistema financeiro español. Facendo un pequeno repaso atopamos que: 1) España "quizá cuenta con o sistema financeiro máis sólido de la comunidad internacional" (Presidente Rodríguez Zapatero, 24-09-2008); 2) "Unha regulación cautelosa, unha supervisión sólida, e un modelo de orientado principal-

mente ao negocio do por menor ten sido positivo para os bancos españoles" (Informe FMI sobre España, 2009); 3) "Los bancos españoles, en el top de los más solventes de Europa" (Expansión,

19-05-2009), onde citando o estudo de R.R. de Acuña y Asociados (2009) se indica que o sistema financeiro español foi o que menos precisou de axudas públicas e do Banco Central Europeo. En concreto, o sistema financeiro español ten recibido do BCE un 34% (frente a un 71.9% da Zona Euro); 4) "La banca española obtuvo hasta marzo un beneficio consolidado conjunto de 4.052 millones de euros, que fue inferior en un 21,5% al resultado obtenido un año antes", destacándose que a banca española entre en perdas en 2010 (P. Villasanté, secretario xeral da AEB, 15-07-2009). Doutra banda, atopámonos con que:


1) A solidez dos bancos en España atópase no posto 20 de entre 134 países (Global Competitiveness Report 2008-2009); 2) A axencia calificadora Moody's rebaixa o rating de 25 bancos e caixas españois, 18 delas nun escalón e sete en dous como consecuencia de "un deterioro na calidade dos activos". (15-07-2009); 3) "El sistema bancario español dará pérdidas en 2010" debido

á taxa de morosidade do sistema bancario (R. Quintás, presidente de la CECA).

Cómo explicar estas novas aparentemente contradictórias? Para atopar unha resposta, como economistas deberíamos observar menos o bosque (os datos macroeconómicos agregados), e analizar as árbores (os datos microeconómicos). Sigamos ca calificación de Moody's. Se nos fixamos en cales son as institucións co peor ranking "adeuada seguranza financeira" (Baa3), atopamos a dúas caixas (Caja Avila e Caja Segovia), por contra, as de mellor cualificación "excelente calidade crediticia" (Aa) atopamos 5 bancos e só 2 caixas de aforros. De feito, se nos fixamos nas cualificacións con emisores que ofrecen boa e excelente seguranza financeira (ratings A e Aa) atopamos ao 77% dos bancos, e ao 66.7% das caixas. (Por certo, Caixanova e Caixa Galicia están no grupo de "boa seguranza crediticia" A).

Cicais non nos fíemos de Moody's, que perdeu moita da súa reputación nesta crise. Tomemos outro ranking máis prestixioso: o FITCH-IBCA. Neste rating ningún banco ten unha calificación inferior á "calidade crediticia alta" (rating A); porén, 11 caixas de aforros e unha caixa rural teñen calificacións crediticias "boas" (rating BB+ e BBB+, entre estas últimas Caixa Galicia; Caixanova ten un rating A-). Esta evidencia parece aclarar a contradición: os bancos son os que en realidade gozan dunha boa solidez financeira e están aguantando mellor a crise e son algunhas caixas as que teñen problemas (de feito, só foi intervida Caja Castilla la Mancha).

Esta situación abre preguntas sobre a xestión das



**Caixas de Aforros: é un problema de malos xestores? É un problema de cómo se elixen os directores e xestores das caixas? É un problema de cómo se elixen aos membros do consello de administración asignados por diferentes cotas, entre elas políticas (onde ben pode ser que os seus membros non so non saben ren de banca, senon nen sequera de economía)? Sabemos cal é o obxectivo dun banco. Non está tan claro cál é o obxectivo dunha caixa. É o mesmo que o dos bancos? É o do director da caixa? (en dito caso cales son?) É o dos membros do consello de administración e/ou das cotas que representen? (A interferencia da cota política é un problema á hora de definir os obxectivos dunha caixa?) Na resposta seguramente está o cerne dos problemas das caixas.**

(\*)Departamento de Fundamentos da Análise Económica, e Historia e Institucións Económicas e rede (research group in economics, business and the environment) da Universidade de Vigo.